




PROFESIÓN
MARIÑEIRAS EN
O BARQUEIRO E OS
SEUS ARREDORES



O MAR, FONTE DE VIDA



O mar é fundamental para economía local de O Barqueiro e os seus arredores, xa que proporciona emprego e recursos alimenticios a moita da súa poboación. Ademais, influíu na cultura, na gastronomía, nas tradicións e nas festividades deste pobo, polo que o mar ten un papel moi importante para o desenvolvemento económico dos habitantes de O Barqueiro.





O PORTO DE O BARQUEIRO



O pobo conta cun porto con instalacións para o atraque e a descarga de embarcacións pesqueiras, así como cunha lonxa onde se subastan os produtos do mar. Tamén ofrece servizos como amarres para embarcacións de recreo, subministro de combustible, reparacións navais e servizos de seguridade marítima... todo isto permite que se desenvolvan diferentes profesións relacionadas co mar entre a súa poboación.


PROFESIÓN MARIÑEIRAS

Entre as diferentes actividades
profesionais relacionadas co mar, destacan
as seguintes:





MARIÑEIRO S E PESCADORES




A pesca é unha actividade tradicional e vital para a economía local de O Barqueiro. No seu porto, atracan numerosas embarcacións de pesca despois das súas xornadas no mar, de onde obteñen diferentes especies, como bacallau, sardiñas, polbo...



MARISCADORAS

Ademais dos peixes, O Barqueiro e os seus arredores son ricos en mariscos como mexillóns, ostras, ameixas, berberechos e percebes, que son recollidos por mariscadoras locais, utilizando ferramentas como rastrillos, pás e cestas para extraer os mariscos e moluscos.






REDEIRAS



Estas mulleres elaboran as redes e outros artigos téxtiles relacionados coa pesca, utilizando técnicas tradicionais e nudos para tecer e reparar as redes, nasas e outros equipos. Entre os seus utensilios e ferramentas atópanse as agullas, as liñas de pesca (fíos) ou as táboas de tecer (faixas).



BUZOS




Son profesionales que realizan actividades subacuáticas, como a inspección de estructuras mariñas, a recollida de mostras e a busca e rescate. Utilizan equipos de buceo para mergullarse na auga e realizar tarefas específicas segundo sexa necesario.



PROTECCIÓN MARINA

Estos profesionales encárganse de garantir a seguridade e o cumprimento das regulacións no mar.

Poden traballar en organismos gobernamentais, como a garda costeira, ou en empresas privadas para protexer contra a piratería, o contrabando e a contaminación mariña.



BIÓLOGOS MARIÑOS

Estudan os organismos e os ecosistemas mariños. Ademais, realizan investigacións sobre a biodiversidade e a ecoloxía mariña e tamén sobre a conservación dos recursos mariños.






VETERINARIO MARIÑO

Son especialistas no coidado de animais mariños, como mamíferos mariños, peixes e aves mariñas.

O seu traballo inclúe o diagnóstico e tratamento de enfermidades, a rehabilitación de animais feridos e a investigación sobre a saúde das poboacións mariñas.




An underwater scene with a dark blue background. In the top right corner, there are several horizontal, wavy lines representing water ripples. The bottom of the image is filled with various types of coral and seaweed in shades of light blue, green, and teal. Two bright red crabs are visible: one on the left, partially obscured by a grey rock, and another on the right, positioned among the coral. The text is centered in the upper half of the image.



COÑECÍAS ESTAS
PROFESIÓNS?...

AÍNDA HAI MÁIS!

O PORTO DEPORTIVO



Ademais da súa función como porto pesqueiro, O Barqueiro conta cun porto deportivo que ofrece servizos para embarcacións de recreo e turismo náutico. Os visitantes poden disfrutar de actividades como a navegación, a pesca deportiva, o buceo e os deportes acuáticos nas augas cercanas ao porto, o que xenera outro tipo de profesións co mar como protagonista.




MONITORES ACUÁTICOS




Son os profesionais responsables de ensinar e supervisar actividades recreativas na auga, como o surf, o paddle surf, o kayak e a natación. Asegúranse de que os participantes sigan prácticas seguras e gocen da experiencia de maneira responsable.






SOCORRISTAS




Son os profesionais adestrados para previr accidentes na auga e responder a emerxencias acuáticas.

Traballan en praias, piscinas e outros entornos acuáticos para garantir a seguridade dos bañistas e ofrecer primeiros auxilios en caso de necesidade.



An underwater scene with a dark blue background. At the top, there are light blue coral-like structures. On the left, there are several blue bubbles of different sizes, some containing white crescent shapes. In the bottom left corner, there is a cluster of colorful coral in shades of green, yellow, and blue. In the bottom right, there are several yellow and blue striped fish swimming. The text is centered in the middle of the image.

En resumo, O Barqueiro é un importante centro de actividade pesqueira e deportiva na costa norte de Galicia, que ofrece servizos tanto á comunidade local como aos visitantes que desexan explorar os seus encantos naturais e disfrutar da vida mariñeira e os deportes acuáticos.



E VÓS... COÑECEDES
ALGUNHA PROFESIÓN
MÁIS RELACIONADA CO
MAR?

